

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO
PLENO O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2019**

No Concello da Laracha (A Coruña) a nove de setembro do dous mil dezanove, sendo as trece horas e trinta minutos, e co fin de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Concello Pleno conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, fixada ao efecto para o día de hoxe, reúnen na Casa Consistorial os srs. Concelleiros/as que a continuación se relacionan:

Sres Asistentes

ALCALDE-PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS/AS

JESÚS SOUTO PENA
RAMIRO BELLO RECOUSO
JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA
PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO
MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY
ADELINA LISTE MONELOS
CRISTINA VIEITES CALVO
PABLO CAMBÓN BÉRTOA
BEGOÑA DOMÍNGUEZ
PATIÑO
MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ
CASTIÑEIRA
ALBA DOLORES TOBA
FERREIRO
JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS
MARÍA PILAR NEIRA
MARTÍNEZ
XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ
CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

NON ASISTE: JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

Asiste como secretaria, a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Eduardo Mera Rico.

Aberto o acto pola Presidencia, a continuación procedese ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO ACTA DA SESIÓN DE ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN DE DATA 26 DE XULLO DE 2019.-

O concelleiro nacionalista Xoán Sande manifesta que consta un erro na acta de 26 de xullo de 2019 no relativo ao punto 4.3 na urxencia da moción 2º presentada polo PSOE. Faise constar na acta que o BNG votou a favor da urxencia cando a realidade é que abstívose.

Procedeuse pola Secretaria a comprobar o erro existente quedando este patente pois na propia acta manuscrita redactada durante a sesión plenaria consta nese punto a abstención do BNG.

O parágrafo debe ser corrixido quedando redactado do seguinte xeito:

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 10 votos en contra do grupo municipal do PP, 4 a favor do grupo municipal do PSOE e 2 abstencións do BNG.

Queda por tanto aprobada a acta de 26 de xullo de 2019 aprobada por unanimidade coa corrección antes indcada que debe incorporarse como dilixencia no expediente da citada acta

2.-DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN E PROXECTOS NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 1/2019 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Dase lectura pola Secretaria ao seguinte:

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2019

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 3 de setembro de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

“1.- “Participar no 2ª Fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financieramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS + Adicional 1/2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Urbanización en prolongación Avenida Manuel Fraga (Apertura de rúa de novo trazado e servizos urbanísticos)	244.541,96		244.541,96
Pista polideportiva descuberta en Agra de Leborís (Pistas alternativas de fútbol sala e de baloncesto)	57.965,28	40.000,00	97.965,28
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	302.507,24	40.000,00	342.507,24

Maior achega provincial asignada ao concello			
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	263.283,24	39,62	263.322,86
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	302.507,24	40.000,00	342.507,24
Subtotal maior achega provincial	565.790,48	40.039,62	605.830,10

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se comprometer a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal dos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da actuación Urbanización en prolongación Avenida Manuel Fraga (Apertura de rúa de novo trazado e servizos urbanísticos) e si se solicitou e lle foi concedida subvención da Xunta de Galicia para a obra de Pista Polideportiva descuberta en Agra de Leborís (pistas alternativas de futbol e de baloncesto) por importe de 40.000€ do importe total de 97.965,28€ non superando a suma do concedido pola Xunta de Galicia e do solicitado neste plan complementario adicional o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade

Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Intervén o concelleiro nacionalista Xoán sande e di que vanse abster e que considera que o goberno cambia de criterio en función de quen governe na Xunta. O alcalde acláralle que as pistas que contempla o proxecto son para uso público, que poden tanto ser utilizadas polos alumnos do instituto como polo público en xeral.

Intervén a concelleira socilista María Palomi Rodríguez e di que van votar a favor unha vez examinado o expediente e non van entrar en debate.

Sométese a votación a proposta de alcaldía previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais resultando aprobada por unanimidade (os concelleiros do BNG votaron finalmente a favor)

Sendo as 13:45h dase por rematada a sesión